

Tatuaxes de fume

Teresa Seara

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEARA, TERESA (2011 [2009]). “Tatuaxes de fume”. En Dores Tembrás, *O pouso do fume*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior, 9-14. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/413>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEARA, TERESA (2009). “Tatuaxes de fume”. En Dores Tembrás, *O pouso do fume*. Culleredo (A Coruña): Espiral Maior, 9-14.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

TATUAXES DE FUME

e todo foxe nun fluír de fume

MARICA CAMPO

Desde pequenos, edúcasenos para interpretar o fume como unha ameaza pois, ao ser un indicio seguro da existencia próxima do fogo, estimula en nós, dun xeito inmediato, os mecanismos de alerta máxima perante tal perigo. Quizais por ese medo atávico, non somos quen de advertir que o fume é en realidade un signo dual capaz de compaxinar en si mesmo o carácter de marca destrutiva e fonte de coñecemento, pois purifica e embaza todo o que toca, escurencéndoo e conservándoo a un tempo. Polo tanto, igual que aprendemos que o fume no corazón do bosque delata como un berro mudo que algo arde ou que cando un volcán emite fumarolas, a lava incandescente ameaza con desbordar o cráter arrasando e estremecendo a terra ao seu paso, tamén debemos considerar a natureza máis positiva do fume como camiño directo cara ao subconsciente, estímulo para as visións proféticas ou bafo que descontamina o corpo e o aire, de aí a súa presenza irrenunciábel en certos rituais. Con todo, estas novas formas de coñecemento que o fume posibilita son sempre traumáticas e dolorosas e están reservadas para aqueles que, como fai Dores Tembrás, se atreven a fitalo de fronte até percibir a verdade sublime, o pouso que subxace tras do sahumero.

Efectivamente, o fume marca cun pouso indeleble todo aquilo que toca. Analizando os miles de micropartículas que o conforman —e que só se fan visibles ao ollo humano na súa unión—, os expertos saben ler as causas que orixinaron a chama

e tamén os elementos coadxuvantes que determinarán o seu alcance. Son os detalles técnicos dunha combustión que denominan imperfecta pois, de non ser así, daría como únicos resultados auga e dióxido de carbono. Pero desentrañar as ensinanzas en verdade relevantes que o pouso leva inscritas en si mesmo esixe, primeiro, adquirir unha nova forma de mirar —máis límpida e clarificadora por efecto das lágrimas que, dun xeito inevitable, verquerá quen olle ao fume directamente— e, despois, ser quen de filtrar as impurezas —o tisne, o cheiro— que poderían adulterar as conclusións finais da esculca. Este é o duplo proceso que seguiu, á hora de construír os seus poemas, Dores Tembrás porque, aínda que todos e cada un dos versos deste libro están impregnados do pouso, o minucioso labor de limpeza e decantación que a poeta levou a cabo neles, e na propia linguaxe, fai que percibamos o esencial cunha claridade meridiana. Por iso, moitas veces o eu adopta unha postura contemplativa pois observa atentamente antes de actuar con rigor e oficio xa que “o pasado regresa sempre cheo/ de trampas adorábeis/ elaboradas con premeditación e aleivosía”, enganos a sortear con coidado, aunando, como fai a autora, vocación de cartógrafa e saber de arqueóloga. As técnicas propias de ambas as artes aplicáranse ao labor de recuperar as astelas nas que se fragmentou a memoria poñendo neste empeño o mesmo exquisito esmero co que se atesourarían as pezas rotas dunha valiosa vasilla milenaria para logo recompoñela. E así o eu séntese convocado polos propios signos cos que enche as cuadrículas —“neses días recollo anacos de palabras/ restos acarunchados/ que clasifico por tamaño e rugosidade”, di— para despois ascender na taxonomía (oración, verso, poema) até o culmen deste libro que ten como materia medular a máis inconsútil e oculta: o pouso-memoria.

despois de todo
deches con el
e iso que nunca fora pintado
algo arrola o pouso
contémploo suspenso
nesa parede que nunca viches
que agora palpo

Foi Antonio Gamoneda quen nos ensinou que todo arde: as perdas, os significados, o tempo, a vida mesma... de aí que o pouso sexa memoria da globalidade inscrita en nós. Neste sentido, convén distinguir entre os restos que proceden dunhas chamas meramente destrutoras e os derivados, pola contra, do fogo revelador porque mentres as primeiras aniquilan sen deixar rastro, nin pouso, nin memoria; o segundo é a chave de acceso para todo o que está latente. Esta duplicidade provén da filosofía hinduísta pois, como se afirma nos *Upanishad*, para que o lume poida modificar a estrutura profunda das cousas dun xeito completo e radical debe atinguir a súa cerna porque “queimar por fóra, non é queimar” senón só destruír. Asimesmo, a nosa poeta actúa como reconstrutora do perdido ao ir engarzando, con paciencia de costureira, eses vestixios que resgatou do pouso xa que “só a memoria/ zurcirá os espazos en branco” dando como resultado unha tea de lembranzas.

Polo tanto, a rotunda insubmisión perante a perda que manifesta Dores Tembrás n’*O pouso do fume* sitúaa no ronsel das grandes voces que reivindicaron o legado da memoria só que, no seu caso, existe un traballo previo de descodificación e tradución dos complexos signos trazados polo pouso para determinar o seu valor real. Certamente, se nada desaparece mentres o seu recordo permaneza no substrato sensitivo de alguén, non por iso se pode extrapolar de todo o que se lembra unha mensaxe con valor universal. Do mesmo xeito, a arqueóloga cataloga

as pezas que recolle nunha excavación segundo a súa relevancia, discernindo cales conteñen datos imprescindibles e cales son secundarias para reconstruír o pasado. Eis un dos grandes retos que a autora afrontou para escribir este libro: lograr que nos sobrecolle o desamparo da nena que agarda baixo a chuvia o paso do coche real, a partida do avó a Cuba ou a agresión da couza sobre a casa pechada, cando a nena é un ser anónimo na nosa biografía, descoñecemos a filiación dese avó e a casa nunca nos pertenceu. Ou mesmo facer que os anacos de louza, a botella do doutor Pinard, as pequenas puntadas do ganduxo que desaparecerán ao estar a costura completa, a minúscula cicatriz que fixo o pelouro, o alento suave das mimosas..., en definitiva, o máis insignificante, deixe un pouso imborrable sobre nós, os lectores. Se Dores Tembrás sae triunfante deste reto é porque, negándose a seguir a propensión maioritaria de clausurar baixo unha cicatriz de silencio as traxedias con que a vida nos proba, decide romper o mutismo e cauterizar esas feridas cunha marca de fogo e de palabras:

anicada
ando a pensar palabras
pelas de manteiga
mentres o fume
se extingue
na mañá

Só deste xeito, se consegue falar do que doe desde a serenidade de quen converteu o fume do cauterio en pouso que perdura, traza de supervivencia, pois como deducira García Lorca “el aire cristaliza bajo el humo” e faise así visible o incorpóreo.

Con teimosía, a memoria imprime o seu marchamo sobre todos os seres que, nalgúns casos, identifican este peso cun estigma e, noutros, sénteno máis ben como unha forma de bagaxe.

Tamén o eu percibe a carga do pouso, sábese elixido por el para ser o seu intérprete, pero nunca confunde esta capacidade innata cunha secuela molesta e indesexable da súa exposición ao fogo catártico. Pola contra, utilizando as palabras máis sinxelas, transmítenos o corolario do seu minucioso proceso de esculca a través duns poemas diáfanos onde é difícil non recoñecérmonos expostos, *deletreados*, no sentido que lle dá a este termo Octavio Paz cando di “también soy escritura/ y en este mismo instante/ alguien me deletrea”. E este é outro dos grandes acertos da escritora quen nos ofrece un libro que arrecende a cuartos baleiros e a faio, onde as xenealoxías que constrúen ao eu quedan ben debuxadas e o ser manifesta un profundo desexo de transformar, con tatuaxes de fume, a súa pel nun mapa cutáneo, logrando así

desaprenderme
executar esta ausencia
que me aceda o corpo
ser só
o sal na chaga
a febre no beizo

Fronte ao resto de compoñentes básicos do cosmos, o fogo posúe dúas características innatas: a primeira é a súa fragilidade pois calquera dos outros tres elementos é quen de destruílo, a segunda, a aptitude que o faculta para elevarse até o ceo fuxindo das ameazas. Neste sentido, se Alejandra Pizarnik escribía que “El viento y la lluvia me borraron/ como a un fuego, como a un poema/ escrito en un muro”, Dores Tembrás coincide coa poeta arxentina na consciencia da fragilidade que o ser e o fogo manifestan fronte ao externo e di “sentir este furado no peito/ tatuaxe do lonxe que fica/ o pouso do fume”. En ascendendo, o fume é a enerxía última dos corpos antes de desapareceren totalmente,

un hálito derradeiro que se sublimará no pouso ao concentrarse nel todo o seu patrimonio vital. Por iso, é labor dos poetas descubrir baixo o disfraz do tisne, que oculta e preserva a un tempo, os alicerces da memoria existencial e transmitilos como un precioso legado.

Inevitablemente, algún día, a todos nos embazará o fume e sabemos, grazas aos versos de Elías Nandino, que o ser diante da morte é “igual que el humo libre que la atmósfera atrae/ y no puede, aunque quiera, regresarse a su lumbre”. De nós ficará xa que logo un pouso máis ou menos nídido na lembranza dos outros, a débil marca de fogo que se esvae como unha crónica borrosa da nosa estadía no mundo, un rastro, aínda que percedoiro, ben visible porque como di un sabio proverbio africano, “Pódese esconder o fogo, pero ¿que se fai co fume?”. A resposta a tan enigmática pregunta impregna todas páxinas deste libro.

TERESA SEARA